

**EMENDAS PRESENTADAS ÁS PNP E MOC PARA O PLENO DO 17/10/2017**



PARLAMENTO  
DE GALICIA

3. Mocións.....	3
3.2 10/MOC-000050 (0017887).....	3
(0017887) Entrada da iniciativa.....	4
(0018798) Emendas dos grupos parlamentarios .....	6
3.3 10/MOC-000051 (0017888).....	8
(0017888) Entrada da iniciativa.....	9
(0018797) Emendas dos grupos parlamentarios .....	13
4. Proposicións non de lei ante o pleno.....	15
4.1 10/PNP-000096 (0001042).....	15
(0001042) Entrada da iniciativa.....	16
(0018785) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	19
4.4 10/PNP-001193 (0014901).....	21
(0014901) Entrada da iniciativa.....	22
(0018800) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	25
4.5 10/PNP-001257 (0016414).....	27
(0016414) Entrada da iniciativa.....	28
(0018787) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	31
(0018802) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	33
4.7 10/PNP-001306 (0017349).....	35
(0017349) Entrada da iniciativa.....	36
(0018786) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	40
4.8 10/PNP-001338 (0017987).....	42
(0017987) Entrada da iniciativa.....	43
(0018803) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	47
4.9 10/PNP-001339 (0017997).....	48
(0017997) Entrada da iniciativa.....	49
(0018789) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	53

### **3. MOCIÓN.**

#### **3.2 10/MOC-000050 (0017887)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Noela Blanco Rodríguez

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas perdas ocasionadas polas extremas condicións climatolóxicas no sector agrario. (Moción, a consecuencia da Interpelación n. 15083, publicada no BOPG nº 174, do 13.09.2017, e debatida na sesión plenaria do 26.09.2017)

(0017887) Entrada da iniciativa



Grupo Parlamentario

### Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada, **Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada os días 26 e 27 de setembro de 2017, sobre a política do Goberno galego en relación coas perdas ocasionadas polas extremas condicións climatolóxicas no sector agrario (10/INT-000545, doc. núm. 15083)

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

### Moción

- A) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:
1. Poñer en marcha axudas directas por superficie para os viticultores afectados polas xeadas e pola sarabia, que inclúan tanto a compensación polas perdas da produción prevista para este ano, como as medidas precisas que permitan a súa plena recuperación no seguinte ciclo produtivo.
  2. Establecer liñas de crédito do Igape para que as explotacións gandeiras e vitícolas poidan facer fronte aos gastos.
  3. Poñer en marcha un plan urxente consensuado coa Fegamp, organizacións ecoloxistas e agrarias, con medidas concretas para loitar contra a seca.
  4. Buscar fórmulas que permitan a adaptación dos seguros agrarios á realidade da estrutura produtiva e da propiedade do sector primario de Galicia.
- B) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dirixirse o Goberno de España para que lle solicite:
1. A bonificación por parte do Ministerio de Traballo do 90 % das cotas á Seguridade Social dos viticultores e gandeiros afectados polas xeadas e a sarabia.
  2. A redución por parte do Ministerio de Facenda dos módulos para os sectores afectados.



Grupo Parlamentario

3. A declaración de zona de emerxencia nas zonas nas que se dean as condicións requiridas para elo.

Pazo do Parlamento, 29 de setembro de 2017

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 29/09/2017 13:32:19**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 29/09/2017 13:32:25**



(0018798) Emendas dos grupos parlamentarios



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 16/10/2017 17:36  
Nº Rexistro: 18798  
Data envío: 16/10/2017 17:36:08.144

### Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Moción**, doc. núm. **17887 [10/MOC-00050]**, do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas perdas ocasionadas polas extremas condicións climatolóxicas no sector agrario, incluída na orde do día da sesión plenaria que se vai celebrar o vindeiro 17 de outubro de 2017.

#### Emenda de adición

Engadir ao final do punto 2 do apartado A o seguinte texto:

“Con carácter inmediato e en canto non se chegue a un acordo co sector sobre os termos e condicións destas liñas, ampliaranse a contía e os prazos de solicitude para as liñas de apoio publicadas no DOG Núm. 191 do venres 6 de outubro de 2017.”

#### Emenda de adición

Engadir ao final do apartado A un novo punto co seguinte texto:



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 16/10/2017 17:36  
Nº Rexistro: 18798  
Data envío: 16/10/2017 17:36:08.144

“6. Con carácter de urxencia, habilitaranse axudas directas para os custos extraordinarios de alimentación na gandaría e apicultura.”

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Deputada do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 16/10/2017 10:33:07**

**Ana Pontón Mondelo na data 16/10/2017 10:33:12**

### **3.3 10/MOC-000051 (0017888)**

Grupo Parlamentario de En Marea - Antón Sánchez García

Sobre a elaboración polo Goberno galego dun novo plan sectorial eólico de Galicia, así como as actuacións que debe levar a cabo mentres non se aprobe. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 15065, publicada no BOPG nº 174, do 13.09.2017, e debatida na sesión plenaria do 26.09.2017)





(0017888) Entrada da iniciativa



### Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea** por iniciativa do seu deputado e voceiro suplente **Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación **núm. 15065 (10/INT-000543)** debatida na sesión plenaria do 26 de setembro de 2017, sobre a política do Goberno alego en relación coa regulación do sector eólico.

#### MOCIÓN:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

- 1) Elaborar un novo Plan Sectorial Eólico de Galiza baixo as seguintes premisas:
  - a) Abrirase un procedemento de participación social para a elaboración do Plan. Durante un período non inferior a 6 meses, a Xunta de Galiza establecerá formas de consulta aberta con asociacións e colectivos ecoloxistas, culturais, sociais, propietarios de montes, concellos, etc. para obter propostas conducentes á elaboración dun borrador de Plan.
  - b) Unha vez elaborado dito borrador, abrirase un novo prazo non inferior a 6 meses para que todos os colectivos consultados e a cidadanía en xeral poida presentar alegacións.
  - c) O Plan Sectorial Eólico de Galiza elaborárase en base aos seguintes principios:
    - i. Conseguir un modelo respectuoso coa conservación dos valores ambientais, paisaxísticos e patrimoniais e que procure o máximo



- retorno social da explotación dos recursos, dando prioridade a proxectos de explotación públicos e cooperativas.
- ii. Fomentar a xeración distribuída e o autoconsumo evitando os grandes parques en lugares que supoñen graves impactos ambientais e paisaxísticos, ou a concentración de múltiples pequenos parques na mesma.
  - iii. Nos novos proxectos de iniciativa privada e non dedicados ao autoconsumo, dar prioridade a aqueles que contemplan e faciliten a participación pública do INEGA no capital dos novos parques.
  - iv. Establecer novas medidas fiscais e extra fiscais que faciliten o retorno social de parte dos beneficios producidos pola actividade modificando o Canon Eólico e o Fondo de Compensación Ambiental
  - v. Desenvolvemento harmónico dos proxectos de implantación de parques eólicos que permita una implantación das infraestruturas eléctricas e industriais.
  - vi. Ampliación da superficie declarada actualmente como Rede Natura.
  - vii. Zonas de exclusión paisaxísticas determinadas nas Directrices da Paisaxe e os Catálogos da Paisaxe.

2) Mentres non se aprobe o Plan Sectorial Eólico de Galiza estableceranse nun prazo de 2 meses:

- i. Zonas de exclusión ambiental naqueles lugares con probabilidade de formar parte da proposta de ampliación da Rede Natura necesaria para achegar a porcentaxe de superficie con esta cualificación ás medias europeas. A responsable da proposta destas



zonas de exclusión de parques eólicos será a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e será aprobada no Parlamento de Galiza.

- ii. Zonas de exclusión paisaxística. En previsión da aprobación das Directrices da Paisaxe, a Dirección Xeral de Sostenibilidade e Paisaxe fará unha proposta de zonas de exclusión por motivos paisaxísticos, nun prazo de 2 meses que deberá de ser aprobada no Parlamento de Galiza.

3) En tanto non se modifique o Plan Sectorial Eólico de Galiza considéranse Áreas de Desenvolvemento as actuais agás as áreas de exclusión propostas no punto 2).

4) Modificar o Artigo 15 da Lei 8/2009, de 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico e se crean o canon ambiental e o Fondo de Compensación Ambiental, que quedará redactado como segue:

*Artigo 15 Tipo de gravame e cuota tributaria*

1. A cota tributaria ven determinada pola aplicación á base impoñible dos seguintes tipos de gravame anuais:

- - En parques eólicos que dispoñan de entre 1 e 3 aeroxeneradores: 2.300 euros por cada unidade de aeroxenerador.
- - En parques eólicos que dispoñan de entre 4 e 7 aeroxeneradores: 4.100 euros por cada unidade de aeroxenerador.
- - En parques eólicos que dispoñan de entre 8 e 15 aeroxeneradores: 5.900 euros por cada unidade de aeroxenerador.



- En parques eólicos que dispoñan de máis de 15 aeroxeneradores: 7.900 euros por unidade de aeroxenerador.

Independentemente do número de aeroxeneradores e tendo en conta o impacto paisaxístico e medioambiental aplicarase un coeficiente corrector destas cotas tributarias en función do diámetro do rotor.

- Ata 50 m de diámetro de rotor as cotas serán as anteriormente descritas

-Entre 50 e 100 m de diámetro de rotor as cotas multiplicaránse por un coeficiente de 1,5.

- Para rotores de máis de 100 m de diámetro as cotas multiplicaránse por un coeficiente de 2.”

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2017.

Asdo.: Antón Sánchez García

Deputado e Voceiro S. do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 29/09/2017 13:47:10**



## (0018797) Emendas dos grupos parlamentarios



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/10/2017 17:35**  
**Nº Rexistro: 18797**  
 Data envío: 16/10/2017 17:35:59.736

### Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Moción**, doc. núm. **17888 [10/MOC-000051]**, do Grupo Parlamentar de En Marea, sobre a elaboración polo Goberno galego dun novo plan sectorial eólico de Galicia, así como as actuacións que debe levar a cabo mentres non se aprobe, incluída na orde do día da sesión plenaria que se vai celebrar o vindeiro 17 de outubro de 2017.

#### Emenda de adición

No punto 1) a) despois de “concellos” engadir o seguinte: “sindicatos operarios e rurais.”

#### Emenda de adición

No punto 1) c) iv engadir ao final: “garantindo a obxectividade e transparencia no reparto.”

#### Emenda de substitución

Substituír o punto 4 polo seguinte texto:



887326  
8817284222  
065200

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/10/2017 17:35**  
**Nº Rexistro: 18797**  
Data envío: 16/10/2017 17:35:59.736

“4) Demandar do goberno do Estado español a modificación urxente da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico de cara a suprimir os artigos 16.4 e 17.6 referentes aos tributos propios das Comunidades autónomas por supoñer unha inxerencia na elaboración da política enerxética e fiscal galega e introducir o risco de que o Canon eólico e outros gravames acaben repercutindo na factura dos galegos e galegas.”

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**  
Deputada do G.P. do BNG  
**Ana Pontón Mondelo**  
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 16/10/2017 10:29:31**

**Ana Pontón Mondelo na data 16/10/2017 10:29:37**



#### **4. PROPOSICIÓN NON DE LEI ANTE O PLENO.**

##### **4.1 10/PNP-000096 (0001042)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Raúl Fernández Fernández

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Noela Blanco Rodríguez

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - María Luisa Pierres López

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa execución da liña e das infraestruturas de alta velocidade ferroviaria en Galicia



(0001042) Entrada da iniciativa



Grupo Parlamentario

### Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **Raúl Fernández Fernández, Noela Blanco Rodríguez e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

### Exposición de motivos

A chegada da liña de alta velocidade ferroviaria a Galicia resulta ser de importancia capital para os intereses do noso país.

Coa liña do AVE plenamente operativa gañaremos en competitividade en todos os niveis: social, empresarial, produtiva, económica, ...

Gañaremos no ámbito material, máis tamén gañaremos no ámbito de equilibrio territorial e, sobre todo, no recoñecemento de Galicia como terra de oportunidades.

Non resulta, polo tanto, estraño que o conxunto da sociedade galega anhele e desexe que esta hipótese sexa unha realidade.

A situación actual de aproveitamento parcial do AVE é cualificado pola sociedade galega como un agravio a unha afrenta histórica con Galicia.

Todos/as preocupados/as, excepto o presidente do Goberno galego.

O Sr. Feijoo acomoda as súas esixencias ao Goberno de España en función da cor política do Goberno de España.

Máxima esixencia cando gobernaron os socialistas, e máxima permisividade cando gobernan os populares.

A situación actual das obras do AVE, entre Lubián e Ourense, non invitan ao optimismo.





Grupo Parlamentario

Neste tramo so hai incumprimento orzamentario e parálise de actuacións polo Goberno do Sr. Rjoy.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

A marchas das obras é preocupante e parece rachar, unha vez máis, o compromiso do presidente da Xunta de Galicia para o ano 2018.

Por iso nos preocupan as últimas manifestacións do presidente da Xunta de Galicia facendo táboa rasa sobre algunhas condicións que garanten que o acceso do AVE a Galicia poda denominarse como tal.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a esixir do Goberno central a que:

1. No ano 2018 estean rematadas as infraestruturas de entrada do AVE a Galicia, dando solución definitiva ao tramo Taboadela-Ourense.
2. No ano 2018 estea construída a necesaria estación intermodal de Ourense, Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña.
3. No ano 2018 a liña de alta velocidade ferroviaria en Galicia sexa unha realidade sen renuncias que permitan a catalogación de alta velocidade.
4. Se recuperen, para acadar estes obxectivos, os fondos non executados en exercicios anteriores e presentes e se contemplan nos orzamentos de 2017 as inversións necesarias.

Pazo do Parlamento, 11 de novembro de 2016

Asdo.: Raúl Fernández Fernández  
Noela Blanco Rodríguez  
María Luisa Pierres López  
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 11/11/2016 13:01  
Nº Rexistro: 1042  
Data envío: 11/11/2016 13:01:43.701



 Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

.....  
**Raúl Fernández Fernández na data 11/11/2016 12:57:02**

.....  
Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Noela Blanco Rodríguez na data 11/11/2016 12:57:09**

.....  
**María Luisa Pierres López na data 11/11/2016 12:57:14**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 11/11/2016 12:57:20**

(0018785) Emendas dos Grupos Parlamentarios


**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/10/2017 17:08**  
**Nº Rexistro: 18785**  
Data envío: 16/10/2017 17:08:54.560



 Grupo Parlamentario

**Á Mesa do Parlamento**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado, **Raúl Fernández Fernández**, a través da portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Pleno do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa execución da liña e das infraestruturas de alta velocidade ferroviaria en Galicia (10/PNP-000096, documento número 1042)

**Emenda de modificación**

Débese modificar no punto 4 da parte resolutiva da proposición non de lei o seguinte contido:

No punto 4 onde di: “...se contemplan nos orzamentos de 2017 as inversións...” debe dicir: “...se contemplan nos orzamentos de 2018 as inversións...”.

Pazo do Parlamento, 16 de outubro de 2017

Asdo.: Raúl Fernández Fernández  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia


**Asinado dixitalmente por:**

**Raúl Fernández Fernández na data 16/10/2017 17:01:01**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 16/10/2017 17:08  
**Nº Registro: 18785**  
Data envío: 16/10/2017 17:08:54.560



 Grupo Parlamentario

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 16/10/2017 17:01:08**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia



#### **4.4 10/PNP-001193 (0014901)**

Grupo Parlamentario de En Marea - Marcos Cal Ogando  
Grupo Parlamentario de En Marea - Luis Villares Naveira

Sobre o establecemento pola Xunta de Galicia, en colaboración cos concellos e a Fegamp, dun plan de mellora da rede de distribución de auga no conxunto do territorio galego



(0014901) Entrada da iniciativa



Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentar de En Marea**, por iniciativa dos seus deputados **Marcos Cal Ogando** e **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un informe da Axencia Europea do Medio Ambiente alertaba sobre as consecuencias e riscos que o cambio climático tiñan para Galicia, dende o incremento do nivel do mar á elevación da temperatura media pero, sobre todo, pola diminución de precipitacións que podería chegar en pouco tempo ao 30% en moitos meses. A pesar diso, hoxe Galicia continúa tendo os maiores focos de CO2 do Estado e a nosa emisión de gases de efecto invernadoiro supón un 0,12% do total mundial, cando apenas chegamos ao 0,045 da poboación total.

A Xunta de Galicia non ten feito nada para evitar esta situación, en moitos casos aprobando normativas que van no senso contrario, en consecuencia, as súas políticas teñen contribuído á escaseza de auga dos últimos días que afectan á correcta extinción dos lumes forestais pero tamén, de forma moi significativa, ao subministro de auga potable en numerosos concellos de Galicia. A Xunta simplemente mira ao ceo a ver que pasa. O seguinte paso: a danza da choiva.

A antiga concepción do noso país como excedente en reservas de auga, onde era inimaxinable períodos de seca como os que estamos a sufrir nos últimos anos, ten actuado sobre as políticas públicas, de forma que non se fomenta nin a súa conservación, nin un correcto uso da auga, ocupándose unicamente a Xunta de plans de emerxencia e actuacións ante a concorrencia desta situación,



esquecendo, unha vez máis, as necesarias políticas de prevención.

Dende o noso grupo queremos poñer o foco sobre unha situación concreta, que é preocupante e absolutamente desatendida polo Goberno galego: Galicia con Asturias presenta as peores taxas de eficiencia da rede de subministro de Auga do conxunto do Estado, con taxas inferiores ao 60% e moi próximas ao 50% na maioría dos casos. Isto quere dicir que o 50% das nosas reservas de auga pérdense durante o transporte dende a captación ata os fogares ou industrias, porcentaxe moi lonxe dos óptimos acadables do 80%. Durante anos, isto non era un problema xa que, salvo cuestións excepcionais, o subministro está garantido polas condicións do noso país, hoxe fanse necesarias medidas correctoras que melloren estes índices.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a establecer un plan de mellora da rede de distribución de auga no conxunto do país, en colaboración cos concellos e a FEGAMP, que contemple, entre outras, as seguintes accións.

- a. Renovación de redes e contadores, uso de aplicacións de xestión de caudal en tempo real.
- b. Elaboración de mecanismos e equipos de control de fugas.
- c. Redución do consumo non rexistrado.
- d. Implantación de sistemas de vixilancia da rede de distribución con prelocalización.
- e. Establecemento de plans periódicos de inspección e control das redes de distribución.
- f. Campañas de comunicación antifraude e de uso correcto da rede.



- g. Plans de revisións de consumos sospeitosos.
- h. Avaliacións periódicas do resultado do plan.

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2017.

Asdo.: Marcos Cal Ogando,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputado do G.P. de En Marea.

Voceiro do G.P de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Marcos Cal Ogando na data 31/08/2017 11:26:29**

**Luis Villares Naveira na data 31/08/2017 11:26:37**



(0018800) Emendas dos Grupos Parlamentarios


**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/10/2017 17:52**  
**Nº Rexistro: 18800**  
Data envío: 16/10/2017 17:52:34.764



 Grupo Parlamentario

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da deputada **Patricia Vilán Lorenzo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en **Pleno** do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre o establecemento pola Xunta de Galicia, en colaboración cos concellos e a Fegamp, dun plan de mellora da rede de distribución de auga no conxunto do territorio galego (10/PNP-001193, documento número 14901)

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Emenda de modificación**

Débase modificar a parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a deseñar un plan de mellora da rede de distribución de auga no conxunto do país, en colaboración cos concellos e a Fegamp e con partida orzamentaria suficiente nos orzamentos para o exercicio 2018 que contemple e cubra, como mínimo, as seguintes accións:

- a) Renovación de redes e contadores, uso de aplicacións de xestión de caudal en tempo real.
- b) Elaboración de mecanismos e equipos de control de fugas.
- c) Redución do consumo non rexistrado.
- d) Implantación de sistemas de vixilancia da rede de distribución con prelocalización.
- e) Establecemento de plans periódicos de inspección e control das redes de distribución.
- f) Campañas de comunicación antifraude e de uso correcto da rede.
- g) Plans de revisións de consumos sospeitosos.
- h) Avaliacións periódicas do resultado do plan.”

Pazo do Parlamento, 16 de outubro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga



PARLAMENTO DE GALICIA  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 16/10/2017 17:52  
**Nº Registro: 18800**  
Data envío: 16/10/2017 17:52:34.764



 Grupo Parlamentario  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 16/10/2017 17:48:18**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 16/10/2017 17:48:24**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia



#### **4.5 10/PNP-001257 (0016414)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - José Alberto Pazos Couñago  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Aurelio Alfonso Núñez Centeno  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Encarnación Amigo Díaz  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Ángeles García Míguez  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Marta Rodríguez Arias  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Soraya Salorio Porral  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Miguel Ángel Tellado Filgueira  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Raquel Arias Rodríguez  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Sandra Vázquez Domínguez  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Teresa Egerique Mosquera

Sobre o requirimento polo Goberno galego ao Concello de Vigo do remate da urbanización do contorno do hospital público Álvaro Cunqueiro habilitando, en condicións de igualdade, as prazas de aparcamento en superficie necesarias para o normal funcionamento do centro



## (0016414) Entrada da iniciativa



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 13/09/2017 17:38  
**Nº Rexistro: 16414**  
 Data envío: 13/09/2017 17:38:25.893

### A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Alberto Pazos Couñago, Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez, Sandra Vázquez Domínguez e Teresa Egerique Mosquera**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

### Exposición de motivos

A posta en funcionamento do Hospital Alvaro Cunqueiro supuxo un avance sen precedentes para o sistema sanitario público galego, e moi especialmente para os usuarios da sanidade pública na Área sanitaria de Vigo.

A pesares da inxusta campaña de desprestixio á que foi sometido antes da súa apertura, transcorridos pouco mais de dous anos dende a mesma, usuarios e profesionais teñen acreditado a calidade, tanto das instalacións como dos servizos sanitarios que desfrutaban os pacientes do Hospital Alvaro Cunqueiro.

Os esforzos realizados polo goberno galego agromaron nunha instalación sanitaria que xa alcanzou a máxima cualificación entre os hospitais galegos, converténdose así no buque insignia da sanidade do noso país. Sen embargo, ese esforzo da Administración autonómica non foi correspondido coa mesma intensidade por parte doutras administracións públicas.

O Concello de Vigo se ten destacado como un dos principais actores nos intentos de dificultar a construción e posta en funcionamento do Hospital Alvaro Cunqueiro, e aínda hoxe, non asumiu na súa totalidade o cumprimento integro das súas obrigas en relación ao mesmo.

Concretamente, aínda non se teñen materializado as actuacións de urbanización da contorna do Hospital Alvaro Cunqueiro, e especialmente, os compromisos adquiridos polo Concello de Vigo en materia de estacionamento de superficie.

Pero sendo grave que os usuarios do Alvaro Cunqueiro aínda non dispoñan das prazas de aparcamento comprometidas polo Concello de Vigo, aínda resulta mais grave que en distintas declaracións o rexedor da cidade, D. Abel Caballero, manifeste a súa vontade de establecer na contorna da principal instalación sanitaria de Galicia, un sistema de aparcamento público discriminatorio, establecendo dúas tarifas diferentes:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
 15701 Santiago de Compostela  
 T. 981 551 510 F. 981 551 422  
 gp-pp@parlamentodegalicia.es  
 www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 13/09/2017 17:38  
Nº Rexistro: 16414  
Data envío: 13/09/2017 17:38:25.893

unha gratuíta para os cidadáns de Vigo, e outra onerosa para os demais usuarios da sanidade pública.

Este prantexamento se nos antolla inxusto, arbitrario e aínda mais grave, ilegal, ao establecer condicións de acceso mais ou menos gravosas para os cidadáns, en función da súa orixe.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento da Galicia insta á Xunta de Galicia a requerir ao Concello de Vigo a completar a urbanización da contorna do Hospital público Alvaro Cunqueiro habilitando, en condicións de igualdade, as prazas de aparcamento en superficie necesarias para o normal funcionamento da principal instalación sanitaria da cidade”.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 13/09/2017 17:35:38**

**Alberto Pazos Couñago na data 13/09/2017 17:35:46**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 13/09/2017 17:36:07**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 13/09/2017 17:36:14**

**María Ángeles García Míguez na data 13/09/2017 17:36:22**

**Marta Rodríguez Arias na data 13/09/2017 17:36:28**

**Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 13/09/2017 17:36:37**

**María Soraya Salorio Porral na data 13/09/2017 17:36:46**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 13/09/2017 17:36:53**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 13/09/2017 17:38  
Nº Rexistro: 16414  
Data envío: 13/09/2017 17:38:25.893

**Raquel Arias Rodríguez na data 13/09/2017 17:37:00**

**Sandra Vázquez Domínguez na data 13/09/2017 17:37:08**

**Teresa Egerique Mosquera na data 13/09/2017 17:37:19**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com



## (0018787) Emendas dos Grupos Parlamentarios


**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/10/2017 17:09**  
**Nº Rexistro: 18787**  
Data envío: 16/10/2017 17:09:44.879



■ Grupo Parlamentario

### Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado, **Abel Losada Alvarez**, a través da portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Pleno do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre o requirimento polo Goberno galego ao Concello de Vigo do remate da urbanización do contorno do hospital público Alvaro Cunqueiro habilitando, en condicións de igualdade, as prazas de aparcamento en superficie necesarias para o normal funcionamento do centro (10/PNP-001257, documento número 16414)

#### Emenda de modificación

Débese modificar a parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactada co seguinte contido:

“ O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Levar a cabo as actuacións necesarias co obxectivo de lograr, previa negociación ca empresa *Sociedade Concesionaria do Novo Hospital de Vigo S.A.*, a gratuidade do parking de dito centro hospitalario.
2. Poñer a disposición das persoas usuarias como aparcamentos gratuítos as dúas parcelas titularidade do Sergas correspondentes ao proxecto sectorial do novo hospital de Vigo, tal que, na primeira das parcelas, no prazo máximo de 15 días, se eliminen os cerramentos e executen o paso de peóns e vehículos dende o acceso principal do novo hospital de Vigo; e na segunda delas se inicien, no prazo máximo dun mes, as obras que permitan o seu acondicionamento.”

Pazo do Parlamento, 16 de outubro de 2017

Asdo.: Abel Losada Alvarez  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 16/10/2017 17:09  
Nº Rexistro: 18787  
Data envío: 16/10/2017 17:09:44.879



Grupo Parlamentario  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 16/10/2017 17:08:09**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 16/10/2017 17:08:15**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia





## (0018802) Emendas dos Grupos Parlamentarios



OFICINA PARLAMENTAR  
 Parlamento de Galiza  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
 REXISTRO XERAL ENTRADA  
 Data asento: 16/10/2017 18:07  
 Nº Rexistro: 18802  
 Data envío: 16/10/2017 18:07:35.964

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, doc. núm. **16414 [10/PNP-001257]**, do Grupo Parlamentar Popular de Galicia, sobre o requirimento polo Goberno galego ao Concello de Vigo do remate da urbanización do contorno do hospital público Álvaro Cunqueiro habilitando, en condicións de igualdade, as prazas de aparcamento en superficie necesarias para o normal funcionamento do centro, incluída na orde do día da sesión plenaria que se vai celebrar o vindeiro 17 de outubro de 2017.

#### Emenda de adición

Engadir un novo punto co seguinte texto:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a que inicie as actuacións para a recuperación para a xestión integramente pública do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo. Dentro das que estará o aparcamento como servizo gratuíto para todas as persoas que teñen que acudir ao centro: traballadores/as, doentes, familiares, visitas...”

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 16/10/2017 18:07  
Nº Rexistro: 18802  
Data envío: 16/10/2017 18:07:35.964

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 16/10/2017 17:44:34**

**Ana Pontón Mondelo na data 16/10/2017 17:44:39**



#### **4.7 10/PNP-001306 (0017349)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Noa Presas Bergantiños

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - José Luis Rivas Cruz

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Ana Belén Pontón Mondelo

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Olalla Rodil Fernández

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - María Montserrat Prado Cores

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Xosé Luís Bará Torres

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos danos ocasionados pola seca nas producións agrarias e gandeiras do sur da provincia de Ourense, en particular na produción de castaña, mel e forraxes para o gando



(0017349) Entrada da iniciativa



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/09/2017 12:15**  
**Nº Rexistro: 17349**  
 Data envío: 25/09/2017 12:15:02.544

### Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Xosé Luis Rivas Cruz, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Luís Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

O presente ano 2017 trouxo canda si importantes imprevistos que afectaron ao rural galego, especialmente ao interior de Ourense e aos concellos limítrofes de Lugo. Desde importantes danos coa xeadada da primavera até a saraibada de finais de agosto. A estes fenómenos súmase unha importante seca que está a ter consecuencias no abastecemento de auga para moitas poboacións, como tamén importantes consecuencias sobre a produción agrogandeira.

Desde hai semanas, numerosas persoas que viven do sector levan desenvolvendo concentracións no concello de Viana do Bolo ás que acoden gandeiros e gandeiras dos concellos de arredor, como A Gudiña, A Mezquita ou Chandrexa de Queixa. Desenvolven este tipo de actuacións desde comezos de setembro diante da absoluta inacción por parte da Xunta de Galiza e máis concretamente da Consellaría de Medio Rural.

Nesta zona as perdas afectan de múltiples formas, fundamentalmente minorando a cantidade e variedade de alimento para o gando, mais afectando tamén de forma considerábel á produción de castaña e tamén á produción de mel, dous sectores que arrastran as perdas tamén derivadas dos lumes e mais da perda de masa vexetal por mor das xeadas, especialmente a do mes de abril.



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/09/2017 12:15**  
**Nº Rexistro: 17349**  
 Data envío: 25/09/2017 12:15:02.544

Para alén destas cuestións, cómpre engadir a falta de chuvia e unha longa seca que deixou baixadas históricas dos caudais da zona. Ata tal punto, que desde hai meses pode volver verse á entrada do concello de Viana do Bolo a antiga fábrica da luz polo baixo que corre o caudal do río. Este estado de seca ten consecuencias negativas ao ter almacenado moito menos alimento para o gando do habitual, estando as e os gandeiros a usar xa a reserva de inverno. Ademais, en moitos casos denuncian dificultades enormes para localizar auga para dar de beber aos animais, o que ten derivado en situacións de extremo risco. Neste contexto, a Consellaría de Medio Rural permitiu utilizar as balsas e puntos de carga para os dispositivos de extinción de incendios. Porén, segundo denuncian, na súa maioría están tamén secos e non se cumpre co seu recheo.

As consecuencias poden verse no curto prazo, no extremo destas situacións e en perdas de até o 80% na produción de mel e castaña. Mais tamén se verán a medio prazo, xa que as xeadas acaecidas tamén provocaron danos na propias árbores ou plantacións, co que alén de minguar a produción neste ciclo produtivo, tamén pode minguala ao longo dos vindeiros anos até a recuperación completa.

A perda de ingresos que supoñen estes danos poden poñer en risco a viabilidade e supervivencia de moitas explotacións. Uns ingresos que tamén implican rendas complementarias moi importantes para soste a economía das veciñas e veciños de Viana dos concellos (caso por exemplo, da castaña, que é un complemento para moitos fogares). Ademais, tamén poden ter repercusións negativas no tecido laboral dunha zona xa moi castigada polas dificultades para a fixación de poboación.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 25/09/2017 12:15  
**Nº Rexistro: 17349**  
Data envío: 25/09/2017 12:15:02.544



30099999  
PARLAMENTO DE GALICIA  
**OFICINA PARLAMENTAR**  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

1. Estabelecer con carácter urgente contactos co sector agrario do territorio afectado polos danos ocasionados pola seca nas producións agrarias e gandeiras do oriente sur de Ourense, principalmente que atinxe á produción de castaña, mel e forraxes para o gando.

2. Estabelecer mecanismos de axuda para apoiar as explotacións afectadas, que permitan manter as explotacións, evitar a perda ou venda de animais e compensar as perdas da produción previstas para este ano.

3. Realizar un estudo das actuacións que pode desenvolver a medio prazo, en colaboración cos concellos afectados, en materia de captación de augas e novos pozos para este tipo de situacións.”

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2017

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 25/09/2017 12:15  
Nº Rexistro: 17349  
Data envío: 25/09/2017 12:15:02.544

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 25/09/2017 12:14:18**

**Xosé Luis Bará Torres na data 25/09/2017 12:14:22**

**Olalla Rodil Fernández na data 25/09/2017 12:14:25**

**María Montserrat Prado Cores na data 25/09/2017 12:14:30**


**Xose Luis Rivas Cruz na data 25/09/2017 12:14:31**

**Ana Pontón Mondelo na data 25/09/2017 12:14:34**

(0018786) Emendas dos Grupos Parlamentarios


**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 16/10/2017 17:09  
**Nº Rexistro: 18786**  
 Data envío: 16/10/2017 17:09:24.440



 Grupo Parlamentario

**Á Mesa do Parlamento**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da deputada **Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en **Pleno** do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos danos ocasionados pola seca nas producións agrarias e gandeiras do sur da provincia de Ourense, en particular na produción de castaña, mel e forraxes para o gando (10/PNP-001306, documento número 17349)

**Emenda de modificación**

Débase modificar a parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactada co seguinte contido:


“ A) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Poñer en marcha axudas directas por superficie para os viticultores afectados polas xeadas e pola sarabia, que inclúan tanto a compensación polas perdas da produción prevista para este ano, como as medidas precisas que permitan a súa plena recuperación no seguinte ciclo produtivo.
2. Establecer liñas de crédito do Igape para que as explotacións gandeiras e vitícolas poidan facer fronte aos gastos.
3. Poñer en marcha un plan urxente consensuado coa Fegamp, organizacións ecoloxistas e agrarias, con medidas concretas para loitar contra a seca.
4. Buscar fórmulas que permitan a adaptación dos seguros agrarios á realidade da estrutura produtiva e da propiedade do sector primario de Galicia.

B) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dirixirse o Goberno de España para que lle solicite:





 Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

1. A bonificación por parte do Ministerio de Traballo do 90 % das cotas á Seguridade Social dos viticultores e gandeiros afectados polas xeadas e a sarabia.
2. A redución por parte do Ministerio de Facenda dos módulos para os sectores afectados.
3. A declaración de zona de emerxencia nas zonas nas que se dean as condicións requiridas para elo.”

Pazo do Parlamento, 16 de outubro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 16/10/2017 17:07:19**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 16/10/2017 17:07:25**



#### **4.8 10/PNP-001338 (0017987)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Ana Belén Pontón Mondelo

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Olalla Rodil Fernández

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - José Luis Rivas Cruz

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - María Montserrat Prado Cores

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Noa Presas Bergantiños

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Xosé Luís Bará Torres

Sobre a realización de xestións polo Goberno galego para frear a destrución de emprego, garantir os dereitos laborais e procurar a viabilidade e continuidade da empresa Maderas Iglesias, S.A. nos seus centros de produción do Porriño e Mos



(0017987) Entrada da iniciativa



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galicia**  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza

### Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A empresa “Maderas Iglesias S.A. que conta con centros de produción no Porriño e Mos. Foi unha das maiores produtoras de tarima flotante do mercado internacional e chegou a contar cun cadro de persoal na comarca de mais de 800 traballadoras/es, sendo a porcentaxe do cadro de persoal do 80% de mulleres. Mais na actualidade o seu cadro de persoal é de 253 traballadoras/es fixos sendo a súa maioría emprego feminino.

Nos últimos anos o persoal da compañía tivo que soportar ata dous procesos concursais, (o primeiro resolto na fase de Precurso e o segundo resolto con acordo en setembro de 2013). Tamén tiveron que pasar por sete EREs (Expedientes de Regulación de Emprego) suspensivos, dos cales soamente en catro houbo acordo entre traballadores/as e a empresa. A suma dos procesos provoca que, nalgúns casos, certas traballadoras/es xa teñan chegado a máis de 400 días de consumo da súa prestación por desemprego, o que lles repercutirá negativamente se a empresa non sae adiante e son despedidos. E aínda que o comité intercentros sempre pelexou para que o ERE fose o máis equitativo posíbel e se cumprise coa Lei, os xerentes fixeron oídos xordos aos seus



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/10/2017 11:35**  
**Nº Rexistro: 17987**  
 Data envío: 02/10/2017 11:35:04.492



8870266  
88172842232  
0252000  
**OFICINA PARLAMENTAR**  
**Parlamento de Galiza**  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza

consellos, derivando nunha diferenza abismal na súa aplicación: mentres que hai empregadas e empregados que perden 400 días de traballo, outras persoas non chegan a perder ningún.

Houbo reclamacións ante as autoridades denunciando que non se respectan as condición dos EREs nin o seu calendario pactado, por non ser recoñecidas as vacacións e todos os días festivos; non se recoñecen os meses de 31 días como recoñece a Lei e non se pagan os días efectivos de traballo, mesmo chegando a non recoñecerlle as horas sindicais algúns membros do comité, etc.

Con respecto ao salario, en oito anos a subida salarial total foi do 0,75%. Actualmente aínda se debe parte da paga de nadal de 2016, a de marzo e a de Xullo do 2017, así como as irregularidades no pagamento das nóminas, que un mes tras outro se ingresan con retraso. Sempre se abonan os salarios a partir do día 15, chegando en algún caso a pagar as nóminas o día 28. Para os que están de baixa e un verdadeiro suplicio, porque sempre o retraso é aínda moito maior. Tendo que escoitar despropósitos do xerente como, “que pagaría cando el o estimase oportuno”. Esta situación de vulneración dos dereitos dos traballadores/as non é nova, pois xa que nos meses de xuño e xullo do 2015, o persoal xa fixo unha folga de varios días alternos para reclamar a débeda dos seus salarios.

Até o día de hoxe as traballadoras e traballadores puxeron da súa parte todo o que puideron para a continuidade da empresa, pero a situación neste momento é insostibel, temendo o conxunto dos traballadores/as que a empresa está chegando ao fin da súa actividade, polo que se decidiu iniciar unha campaña de mobilizacións.



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/10/2017 11:35**  
**Nº Rexistro: 17987**  
 Data envío: 02/10/2017 11:35:04.492



8817226  
88172264212  
0034981  
**OFICINA PARLAMENTAR**  
**Parlamento de Galiza**  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza

Ante esta continuidade de vulneración dos dereitos dos traballadores/as, da destrución de emprego, basicamente emprego feminino, e procurando a viabilidade e permanencia da empresa, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Pleno do Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a facer xestións ante a propiedade de “Maderas Iglesias S.A” coa finalidade de frear a destrución de emprego, garantir os dereitos laborais e procurar a viabilidade e continuidade da empresa.”

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 02/10/2017 11:35  
Nº Rexistro: 17987  
Data envío: 02/10/2017 11:35:04.492

**Xosé Luis Bará Torres na data 02/10/2017 11:26:11**

**María Montserrat Prado Cores na data 02/10/2017 11:26:16**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 02/10/2017 11:26:19**

**Olalla Rodil Fernández na data 02/10/2017 11:26:20**

**Noa Presas Bergantiños na data 02/10/2017 11:26:22**

**Ana Pontón Mondelo na data 02/10/2017 11:26:28**



## (0018803) Emendas dos Grupos Parlamentarios



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 16/10/2017 18:09  
Nº Rexistro: 18803  
Data envío: 16/10/2017 18:09:26.768

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte Emenda á Proposición non de lei en Pleno do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego "Sobre a realización de xestións polo Goberno galego para frear a destrución de emprego, garantir os dereitos laborais e procurar a viabilidade e continuidade da empresa Maderas Iglesias, S.A. nos seus centros de produción do Porriño e Mos"(17987(10/PP-001338)).

### Emenda de substitución

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a facer xestións ante a propiedade de "Maderas Iglesias, S.A." coa finalidade de procurar a viabilidade e continuidade da empresa e o mantemento do emprego."

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 16/10/2017 18:07:50**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com



#### **4.9 10/PNP-001339 (0017997)**

Grupo Parlamentario de En Marea - David Rodríguez Estévez

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos labores que están a desenvolver os axentes medioambientais





(0017997) Entrada da iniciativa



### Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario de En Marea**, a iniciativa do seu deputado **Davide Rodríguez Estévez**, e a través do voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Pleno**, sobre as funcións que os Axentes Medioambientais deberían exercer e non poden por culpa de directrices da propia Consellería de Medio Ambiente.

Os e as Axentes Medioambientais ou Axentes Forestais son funcionarios e funcionarias que ostentan a condición de axentes da autoridade pertencente á Administración Pública galega e que, de acordo coa súa propia normativa ten encomendadas, entre outras funcións, as de vixilancia, policía e custodia dos bens xurídicos que conforman o patrimonio natural, e a de policía xudicial en sentido xenérico tal como establece o apartado 6 do artigo 283 da Lei de Axuizamento Criminal, actuando de forma auxiliar dos xuíces, tribunais e do Ministerio Fiscal.

Procedentes do Cuerpo Especial de Guardería Forestal del Estado e do Servicio Nacional de Caza, Pesca y Parques Nacionales dependentes no seu día do Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación.

Coa creación das Comunidades Autónomas, e como consecuencia da transferencia das competencias de Medio Ambiente ás mesmas, ditos Corpos Estatais disgréganse en 17 Copos distintos, quedando na actualidade, un reducido grupo de Axentes Ambientais no Organismo Autónomo de Parques Nacionales



así como nas distintas Confederacións Hidrográficas dependentes ambos Estamentos do Ministerio de Medio Ambiente.

Na actualidade o Corpo de Axentes Medioambientais está formado por uns 540 Axentes, dos cales uns +/- 380 están adscritos á Dirección Xeral de Ordenación e Produción Forestal, dependente da Consellería de Medio Rural. O resto, uns +/- 160 axentes, atópanse adscritos á Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Distribuídos por todo o territorio galego a través de Unidades Territoriais denominadas Distritos Forestais existindo 19. As e os axentes adscritos á Consellería de Medio Rural dependen do Xefe de Distrito. As e os axentes de Medio Ambiente dependen das e dos xefes dos Servizos Provinciais de Conservación da Natureza.

Dentro do seu marco competencial vense totalmente apagados ao restarlle, a propia Consellería de Medio Ambiente, moitas das funcións atribuídas.

Polo exposto anteriormente o Grupo Parlamentar de En Marea formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Facer unha campaña institucional divulgativa sobre a labor que realizan os e as Axentes Medioambientais.
2. Facer públicas as estadísticas de infraccións e dilixencias xudiciais que realiza o Corpo de Axentes Medioambientais.



3. Habilitar un perfil oficial nas redes sociais como teñen outros corpos adscritos a Consellería de Medio Ambiente.
4. Habilitar un teléfono de atención o cidadán para denuncias medioambientais.
5. Integrar as e os axentes medioambientais no 112 de Galicia, xa que agora mesmo estase incumprindo por parte da Administración galega da Ley 17/2015 del Sistema Nacional de Protección Civil onde no seu artigo 17 o cita expresamente.
6. Habilitar os e as axentes forestais de medios de defensa personal para o o exercicio das nosas tarefas policiais.
7. Facilitarnos formación técnica e policial para o desenrolo das citadas funcións na Escola Galega de Administración Pública (EGAP) pero principalmente na Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP).

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2017.

Asdo.: Davide Estévez Rodríguez

Deputado do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 02/10/2017 12:47  
Nº Rexistro: 17997  
Data envío: 02/10/2017 12:47:36.668



Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 02/10/2017 12:45:45

Luis Villares Naveira na data 02/10/2017 12:45:49



## (0018789) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, José Antonio Quiroga Díaz, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario de En Marea sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos labores que están a desenvolver os axentes medioambientais (doc. núm. 17997).

## Emenda de adición

No punto 6, da parte resolutiva da iniciativa débese engadir *in fine* o seguinte texto:

“6. ... , nomeadamente para certos servizos de risco e coas medidas de seguridade propias para a utilización deses medios de defensa.”

Pazo do Parlamento, 16 de outubro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**José Antonio Quiroga Díaz na data 16/10/2017 16:44:53**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 16/10/2017 16:45:11**

